


# ESPECTÁCULO POÉTICO-MUSICAL

Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo)  
Tfno: 981665597 Fax: 981661748  
E-mail: servizosmultiples@gmail.com

**Mércores 16 de marzo de 2011, ás 19.30 h,  
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”  
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).**

**Presenta:**

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.**



**LUCÍA ALDAO-MARÍA LADO**

## Presentación

Acollemos na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” de Vilaboa un acto especial, o espectáculo poético-musical *Moita poesía, pouca diversión*, a cargo das poetas Lucía Aldao e María Lado.

Partindo do presuposto de que a lectura de poesía non pode ser algo que adormeza ao espectador, Lucía Aldao e María Lado presentan un recital de poesía ameno, dotado de ritmo e comunicación aberta co espectador, no que este adquire ademais un papel activo; un espectáculo con música en directo, xogos, historias que rodean os poemas, momentos de reflexión..., pero sobre hai comunicación poética pura e verdadeira.

Os textos que compoñen o recital son poemas propios, creados polas dúas poetas. A música, parte substancial do espectáculo, pona a guitarra e a impresionante voz de Lucía.

Non duvidedes en achegarvos. Pasaremos unha velada moi agradable.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## LUCÍA ALDAO

Naceu na Coruña en 1982. Obtivo axiño premios literarios como o Tanxedoira, Francisco Fernández del Riego, O Facho, e varios premios Minerva. Destes últimos resultaron as publicacións colectivas *Aliteración en ti* e *Quixen ir a Nevermore*.

A súa obra aparece en diferentes publicacións periódicas (*A Xanela*, *O Ollo Público*, *La Bella Varsovia*...) así coma en antoloxías, como *O Trazo Aberto* (2002), *Negra Sombra* (2003), *Sempre Mar* (2003), *Os Gozos e as Sombras* (2005), *Plantando Libros* (2006), ou *Poética da Casa* (2006). Tamén no 2005, publica *Unha dúcia (máis un)*, acompañando cos seus poemas ás fotografías do arquitecto Luis Muñoz. Participou en varios congresos da A.E.L.G. e no Cosmopoética'06 de Córdoba. Nestes últimos anos formou pare de xurados de premios literarios, e colaborando esporádicamente en programas de radio. Así mesmo, participou no espectáculo *Dillei* de Carlos Blanco, colaborou no programa de televisión presentado e dirixido por este mesmo actor *Somos unha Potenza*, ou presentou a gala Acústico Feminino do 2006.

Ten participado en multitude de recitais por toda Galicia, e últimamente continúa a facelo xunto a poeta María Lado. Exemplo disto son *Onde estea un cubata que se quite un soneto* e *Poeta de mierda* (este último tamén coa actriz Pepa Yáñez). Como cantante, leva dende o 2004 ofrecendo concertos por toda Galicia. Na actualidade mantén co músico Diego Delgado o grupo *Alddao*.

## MARÍA LADO

Naceu en Cee en 1979. Comezou a escribir entre as xentes do Batallón Literario da Costa da Morte, onde participou das tres antoloxías poéticas editadas do colectivo. Como poeta ten publicado *A primeira visión* (1997), *Casa atlántica casa cabaret* (2002), *Berlín* (2005), -poemario que conta con edición dixital en formato audiolibro-, e *Nove* (2008), premio “Avelina Valladares” (A Estrada).

Como narradora ten relatos en revistas como *Dorna*, *Bravú* ou *La Luna* (Mérida) e na antoloxía *Narradoras* (2002). Tamén recollen textos seus revistas como *Coméntario*, *La bella Varsovia*, *Madrygal*, *Infoxove*, *Tempos Novos* ou o suplemento de libros *Protexa*. Como poeta, participou en libros como *D'efecto 2000* (1999), *25 anos de poesía galega 1975-2000* (2003), *As sonoras cordas* (2005), *Por man propia* (2005) ou *To the winds our sails* (2010). Colabora en emisoras de radio, especialmente na Radio Galega. Textos seus foron traducidos para antoloxías ao castelán, portugués, catalán, ruso e irlandés. Outros aparecen en discos como *Pensando Nelas*, editado pola Universidade do País Vasco e o Centro de Estudos Galegos, ou nos documentais *Redeiras* (de Ribadulla Corcón) e *Tecendo o fío da memoria* (de María Reimóndez).

Foi guionista da radionovela *Novembro* e realiza creacións audiovisuais relacionadas coa poesía (videopoemas), e que a levaron a recitar, acompañada de Lucía Aldao, ao Instituto Cervantes de Berlín.

